

DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO C

PRIMERA Dt 30, 10-14

Cerca de ti está a palabra para que a cumpras

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Daquela faloulle Moisés ao pobo dicindo:

- Si, faille caso á voz do Señor, o teu Deus, gardando os seus mandamentos e os seus preceptos, o escrito no libro desta lei. Si, convértete ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón e con todo o teu ser.

Si, este mandamento que eu che mando hoxe non é imposible para ti nin che resulta inaccesible. Non está no ceo para dicires: Quen subirá por nós ao ceo e nolo collerá e nolo fará escoitar, para que nós o cumpramos? Tampouco está da outra banda do mar para dicires: Quen cruzará por nós ao outro lado do mar e nolo collerá e nolo fará escoitar, para que nós o cumpramos? Si, a palabra está moi cerca de ti: na túa boca e no teu corazón, para a cumprires.

SALMO RESPONSORIAL Sal 68, 14 e 17. 30-31. 33-34. 36ab e 37

R/ (cf 33): Humildes, buscade ao Señor, e vivirá o voso corazón

Eu, Señor, suplico cara a ti,
na hora, meu Deus, do teu favor.
Pola túa moita bondade,
respóndeme, pois ti es o socorro verdadeiro.
Respóndeme, Señor, conforme ao teu amor,
pola túa misericordia, vólvete a min.

Mais a min, pobre e doente,
érgueme, Deus, co teu socorro.
Louvarei a Deus con cantos,
gabareino con acción de grazas.

Olládeo, humildes, e alegrádevos,
avivecede o corazón os que buscade o Señor,
pois o Señor escoita aos humildes,
non despreza aos seus na cadea.

Abofé, salvará Deus a Sión:
recomporá as vilas de Xudá,
Herdaranas os fillos dos seus servos,
habitaranas os que aman o seu nome.

Ou SALMO RESPONSORIAL Sal 18, 8. 9. 10. 11

R/ (9a): Os mandatos do Señor son rectos: aledan o corazón;

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ao inxenuo;

Os mandatos do Señor son rectos:
aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo:
ilumina os ollos;

O temor do Señor é puro:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas.

Son máis cobizables que o ouro
máis que o metal precioso;
son máis doces que o mel,
máis que o zume da antera.

SEGUNDA Col 1, 15-20

Por El e para El foron creadas todas as cousas

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS COLOSENSES

Cristo é a imaxe do Deus invisible, de toda criatura el é o primeiro nacido,
e por medio del fixéronse as cousas, as da terra e tamén as do ceo,
as vistas cos ollos, as por eles non vistas;
señoríos sexan ou ben maxestades, sexan principados, tamén potestades;
el é modelo e fin do universo creado.
Antes ca todo está el, todo nel se cimenta aínda hoxe.
É tamén a cabeza do corpo -o corpo é a Igrexa-.
El é o principio, o primeiro en nacer de entre os mortos,
de xeito que en todo sexa sempre o primeiro.
Porque nel quixo Deus habitar coa súa total plenitude:
reconciliar así o universo consigo, por el;
e no sangue da cruz poñer paz entre os seres da terra e do ceo, servíndose del.

ALELUIA Cf Xn 6, 63c. 68c:

As túas palabras, Señor, son Espírito e vida; ti tes palabras de vida eterna

DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 10, 25-37

Quén é o meu próximo?

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela ergueuse certo xurista e preguntoulle a Xesús para o poñer á proba:

- Mestre, que teño que facer para herdar a vida eterna?

El respondeulle:

- Que pon a Lei? Que les?

Contestou:

- Amarás ao Señor teu Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, toda a túa forza e con todo o teu entendemento, e ao próximo coma a ti mesmo.

El díxolle:

- Contestaches perfectamente; cúmpreo e vivirás.

Pero o xurista, querendo xustificarse, preguntoulle a Xesús:

- E quen é o meu próximo?

Xesús replicou:

- Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Iericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubaren e bateren nel, deixárono medio morto. Cadrou a baixar polo mesmo camiño un sacerdote, que, ao velo, deu un rodeo e pasou de largo. Igual fixo un clérigo, que pasaba por alí: ao chegar e velo, deu un rodeo. Pero un samaritano, que ía de camiño polo mesmo lugar, ao velo, sentiu mágoa; e achegándose a el, curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas. Logo, montouno na súa cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno. Ao outro día colleu dous denarios, deullos ao pousadeiro, e díxolle: "Coida del, e cando volva xa che pagarei o que gastes de máis".

- Quen dos tres che parece que foi próximo do que caeu nas mans dos bandidos?

El respondeu:

- O que practicou a misericordia con el.

Díxolle Xesús:

- Pois ti vai e fai outro tanto.